



Xoana Balado Fernández, Fene 1958

Inicio nesta traxectoria vital do teatro no 1974, como actriz, no Grupo de Teatro do Circulo de Perlio.

Licenciada en CC. da Educación pola Universidade Autónoma de Barcelona, 1982

Continúo formación teatral con varios profesionais e grupos: Manuel Lourenzo, Federico Martín, A. Mantovani, J. Mandli, Antonio Simón, Grupo Johanes Vardar.

Beca da Comisión Europea para especialización de Postgrado en Dramatherapy, Hertfordshire College of Arts&Design, UK., 1987

Formadora en expresión e xogo dramático de 1982 a 1988 en grupos de crianzas, adultos e profesionais do ensino: Escolas Culturais Concello de Fene, Asociación de Mulleres Concepción Arenal de Ares, ANPA da Compañía de María de Ferrol, Ateneo Ferrolán, Instituto de CC da Educación de Santiago.

Formación en psicomotricidade, técnicas corporais e comunicación non-verbal desde o ano 1978, con varias asociacións, dispositivos e institucións.

Esta especialización levoume a acadar en 1985 a plaza de Psicomotricista na Unidade de Atención Temperá de Ferrol, na que exerzo de xeito continuado ata o ano 2022.

Formadora en psicomotricidade para varios colectivos profesionais da saúde, da educación e dos servizos sociais desde 1988 ata o presente. Do 2012 ó 2016, 5 edicións de "Técnicas e recursos relacionais para a práctica da psicomotricidade en Atención Tempera" pola Asociación Galega de Atención Temperá AGAT, para o conxunto de profesionais especializados na primeira infancia.

Asemade a realización de cursos e distintos formatos de actualización en temas relacionados coa expresividade corporal e o xogo dramático: "A detección de necesidades especiais de apoio educativo en 0-3, Programa A-Tempo, "A psicomotricidade na escola infantil", "O xogo e a xogaina", "Técnicas de observación e análise relacional". Ponencias, cursos e relatorios realizados para institucións como a Dirección Xeral de Familia da Xunta, a formación máster da UDC, Centros de Integrados de FP.

En 1984 coordinadora da Comisión Técnica da I Mostra de Teatro infantil galego "Xeración Nós" da Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra.

Xurado dos premios da I Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia en 1984.

Entre 1984 e 1985, xunto con Gonzalo Rodríguez Calvo, realizamos o programa de radio semanal "Isto é... Teatrol!", en Radio Fene.

No 1988, participo na comisión que organiza, no Ateneo Ferrolán, o I Encontro do Teatro Profesional Galego.

Desde o ano 2005, colaboro coa moi teatral actividade da Asociación de Amigos do Teatro Jofre, que con tanta dedicación impulsó e sostivo Gonzalo Rodríguez Calvo, da que fun Presidenta (2010-2019), no intento de explorar o papel dos públicos no feito teatral e de cómo escoitar e canalizar as súas voces diante dos profesionais, dos programadores, dos animadores e das administracións públicas.

Xurado na III Edición do Premio Laudamuco para textos teatrais, do Concello de Brión, 2021.

No Dicionario do Teatro Galego (1671-1985) de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Maior, páxina 25 hai unha entrada na que aparezo como actriz e a -ni- madora teatral, termo que abrangue a tan variada actividade de ir tecendo fíos a prol do teatro galego.